




1. EMPRAZAMENTO



DATOS XERAIS

Comarca: Costa da Morte. Sector: Costas de Touriñán e Fisterra. Municipio: Fisterra. Parroquias: San Vicezo de Duio ao norte, e San Martiño de Duio ao sur. Extensión: 1,91km².

2. CARACTERIZACIÓN

ELEMENTOS NATURAIS



AS FORMAS DO RELEVO

A unidade destaca por presentar cantís verticais, que son o resultado da proximidade dunha aliñación montañosa paralela ao mar e moi próxima á liña costeira. A elevación montañosa que supón o Monte Veladoiro, cara ao centro da unidade, orixina o promontorio do Cabo da Nave, onde se alcanzan os maiores desniveis de toda a área. Ao sur de leste, os cantís presentan un descenso máis progresivo, estruturado en chanzos dispostos a distintos niveis.

AS UNIDADES LITOLÓXICAS

Pertence ao Dominio hercínico grazas ao afloramento dun granitoide migmático de carácter nebulítico. O Cuaternario está representado polos depósitos pleistocénicos de orixe fría.

A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

Unidade acantilada incluída no ambiente climático Cálido e Húmido. A temperatura media está sempre por riba de 14°C e a oscilación térmica entre 12,5°C e 13,5°C. Rexístranse entre 1200mm e 1400mm de precipitación acumulada media ao ano aínda que a cima do Monte Veladoiro e a súa fachada acantilada reciben máis pluviosidade chegando a acadar valores máximos en torno a 1600mm, polo que forman parte do dominio Cálido-Moi Húmido.

OS SOLOS

Tramo acantilado caracterizado polas ladeiras de forte pendente nas que gran parte da súa superficie está ocupada por afloramentos do substrato granítico, polo que tan só se forman solos pobres e pouco evolucionados do tipo leptosol lítico e regosol.


AS AUGAS

Costa acantilada que non presenta unha rede hidrográfica desenvolvida. A auga de escorrentía diríxese á masa de Augas Costeiras do Cabo da Nave (20141) formando pequenas valgas nos cantís.

O PATRIMONIO NATURAL

Unidade incluída no ZEPVN Costa da Morte-LIC Costa da Morte. O hábitat dominante na liña de costa é o 1230 de cantís mariños atlánticos e praias de seixos. A aparición de praias de bloques nalgún sector introduce, aínda que non amplamente, o hábitat 1210 de vexetación anual sobre refugallos mariños acumulados. As vertentes están dominadas por extensións de matos costeiros secos: 4030, breixos secos europeos; do 4040, breixos secos costeiros atlánticos de Erica vagans. Aparecen tamén valgas húmidas como as do tramo do Monte da Lagoa e da Nave, que conteñen o hábitat 4020 de breixos húmidos atlánticos de Erica ciliaris e Erica tetralix. Existen afloramentos nas partes altas que introducen os ambientes do grupo 82, pendentes con vexetación casmofítica. Conta con cita do taxon vulnerable protexido Rumex rupestris.

ELEMENTOS ANTRÓPICOS



USOS DO SOLO

Trátase dunha paraxe cun marcado carácter natural, típica da Costa da Morte. É unha área de grandes cantís onde non resalta especialmente ningún uso. Tendo en conta que o océano rompe con forza nas súas vertentes acantiladas é un bo lugar para o marisqueo, sobre todo para a extracción de percebes.

MORFOLOXÍA

Non se acha ningún asentamento de poboación na unidade, non obstante existe unha antena de telecomunicacións no Monte Veladoiro cunha cota de 234m e unhas ruínas dunha explotación abandonada, situada ao norte do Monte Lagoa.

INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

Entre as formacións vexetais costeiras ábrese multitude de camiños peonís de terra que percorren a costa. A única estrada asfaltada é a que une o núcleo de Duio pertencente á unidade Praia da Langosteira, coa antena de telecomunicacións.

PATRIMONIO HISTÓRICO

Non existe patrimonio catalogado na unidade.

O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

A identidade desta unidade vén marcada polos seus grandes cantís, coas súas vertentes cubertas de breixos e pola naturalidade da súa paisaxe; particularidades que, aínda que comúns na Costa da Morte, son singulares e identitarias da mesma.

DINÁMICA DA PAISAXE

Apréciase unha estabilidade xeral e un bo estado de conservación da paisaxe, onde as transformacións sufridas son basicamente de carácter antrópico, a implantación da antena de comunicacións xunto á ampliación da vía que lle dá acceso son as máis destacadas, no referente ás transformacións naturais, é o avance de zonas repoboadas, próximas ao Monte Veladoiro, sobre a cuberta autóctona de breixos.

RISCOS E IMPACTOS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

3. AVALIACIÓN

VALORACIÓN DA PAISAXE

O Cabo da Nave é un Espazo de Interese Xeomorfolóxico que ten a súa orixe nas faldas de Monte Veladoiro, o cal ostenta o privilexio de marcar o límite máis occidental das costas da España Peninsular, e parece que a tribo celta dos nerios xa o sabía, pois no alto do Monte Veladoiro –fóra da presente unidade - construíron un monumento ao sol e sementaron este monte de ringleiras de pedras que ascendían polas ladeiras e remataban en círculos que rodeaban a menhires. Mas tarde os romanos na súa conquista de Gallaecia acadaron este recuncho onde o sol desaparece cada tarde e agóchase ata o amencer. Temían que algún día caese sobre eles a escuridade permanente, polo que tamén construíron un altar dedicado ao sol para contentar ao grande astro. Así, desde a súa cima, o Monte Veladoiro ofrécenos a visibilidade de toda a costa do concello de Fisterra, podendo apreciarse tamén, as mellores panorámicas da posta de sol, fronte ás augas do Océano Atlántico. En xeral todo o litoral da unidade é unha zona dunha salvaxe beleza natural, onde, os seus impresionantes cantís son testemuño de numerosos naufraxios. Como toda a Costa da Morte, esta incluída na protección da Rede Natura 2000 como LIC e ZEPVN.



4. PLANIFICACIÓN

OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ACCIÓNNS



















A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN

Nesta unidade non se contemplan posibles ámbitos de requalificación.

Lenda / Leyenda

Usos do solo / Usos del suelo

- | | |
|---|--|
|  Chairas intermareais / Llanuras intermareais |  Matogueiras / Matorrales |
|  Marismas / Marismas |  Cultivos e prados / Cultivos y prados |
|  Praias / Playas |  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
|  Dunas / Dunas |  Viñedos / Viñedos |
|  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros |  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico |
|  Cantís / Acantilados |  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación |
|  Vexetación costeira / Vegetación costera |  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas |
|  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos |  Outras masas de auga / Otras masas de agua |
|  Bosques de ribeira / Bosques de ribera |  Canteira / Cantera |
|  Bosques mixtos / Bosques mixtos |  Artificial / Artificial |
|  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización | |
|  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo | |

Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

Hidrografía / Hidrografía

Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros

Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos

Batimetría / Batimetría

- | | | | | |
|---|---|--|---|---|
|  0 m |  -20 m |  -100 m |  -500 m |  -2000 m |
|  -10 m |  -50 m |  -200 m |  -1000 m |  -3000 m |












Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera

Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales

Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



